

	IES de Mugardos. Departamento de LINGUA GALEGA		4º ESO 2021-2022
	MATERIA	Lingua Galega e Literatura	
	PROFESOR/A	Víctor Fresco Barbeito	

		CONTIDOS
1ª AVALIACIÓN	1	B1 e B2 Comunicación oral e escrita. A exposición. Lingua. O enunciado e as súas clases. A procedencia do léxico galego. As maiúsculas. Sociolingüística. Historia do galego de 1900 a 1936. Literatura. A poesía das Irmandades da Fala.
	2	B1 e B2 Comunicación oral e escrita. Xéneros xornalísticos informativos. Lingua. A formación do léxico. Acentuación I. Suxeito e predicado. Sociolingüística. Multilingüismo e linguas en contacto. Literatura. A poesía das vangardas.
	3	B1 e B2 Comunicación oral e escrita. A argumentación. Lingua. A ampliación do léxico I (préstamos e estranxeirismos). Os complementos verbais. Sociolingüística. A valoración social das linguas e os prexuízos. Literatura. O Grupo Nós I. Vicente Risco e Otero Pedrayo
	4	B1 e B2 Comunicación oral e escrita. Xéneros xornalísticos de opinión. B.3 Lingua. A ampliación do léxico II (os calcos lingüísticos). A oración composta. Puntuación I (a coma e o punto e coma). B.5 Literatura. O Grupo Nós II. Castelao e Rafael Dieste.
2ª AVALIACIÓN	5	B1 e B2 Comunicación oral e escrita. Os textos científicos. Preparación e exposición dun traballo académico. Lingua. A xustaposición e a coordinación. A ampliación do léxico III (os neoloxismos). Puntuación II (os dous puntos e as comiñas). Sociolingüística. O galego de 1936 a 1978. Literatura. A literatura galega no exilio.
	6	B1 e B2 Comunicación oral e escrita. Comunicación administrativa. Solicitud de información telefónica. Lingua. Procedementos de formación de palabras I. A derivación. Puntuación III (as parénteses, a raia e o guiño). A subordinación I. Enlaces subordinantes. Sociolingüística. As linguas do Estado español. Literatura. A poesía de 1936 a 1976. A Xeración do 36 e a Promoción de Enlace.
	7	B1 e B2 Comunicación oral e escrita. Comunicación laboral I. O currículo. B.3 Lingua. Procedementos de formación de palabras I (composición e parasíntese). A subordinación II (substantiva e adxectiva). Puntuación IV (os puntos suspensivos). B.4. Sociolingüística. Niveis e rexistros. B.5 Literatura. A poesía de 1936 a 1976. A xeración das Festas Minervais.
	8	B1 e B2 Comunicación oral e escrita. Comunicación laboral II. A carta de presentación. B.3 Lingua. Denotación e connotación. A subordinación III (adverbial). Grafías confusas I (b/v). B.5 Literatura. A prosa de 1936 a 1976 I. Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole e Eduardo Blanco Amor.
3ª	9	B1 e B2 Comunicación oral e escrita. Comunicación laboral III. O contrato. B.3 Lingua. Relacións semánticas I (sinonimia). A subordinación IV (adverbiais impropias). Grafías confusas II (b/v) B.4. Sociolingüística. Os dialectos. B. 5 Literatura. A prosa de 1936-1976 II. A Nova Narrativa Galega. Xosé Neira Vilas.
	10	B1 e B2 Comunicación oral e escrita. A prescrición. B.3 Lingua. Relacións semánticas II (a antonimia). Grafías confusas III. (s/x) B.4. Sociolingüística. O galego de 1978 ata hoxe. B. 5 Literatura. A poesía de 1976 ata a actualidade.
	11	B1 e B2 Comunicación oral e escrita. A publicidade. Análise de campañas institucionais de sensibilización. B.3 Lingua. Relacións semánticas III (polisemia e homonimia). Grafías confusas IV. O h. B.4. Sociolingüística. O galego e a lusofonía. B. 5 Literatura. A prosa de 1976 ata a actualidade.

12	B1 e B2 Comunicación oral e escrita. A publirreportaxe. Análise ética da publicidade. B.3 Lingua. Relacións semánticas IV (hiperonima, hipoñimia e cohipoñimia). Grafías confusas V. O (ll/i) B. 5 Literatura. O teatro de 1916 ata a actualidade.
----	---

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NACUALIFICACIÓN
Probas escritas (Dous exames por avaliación) e unha proba oral	70% (resérvase o 10% para a proba de oralidade)
Libro lectura	10%
Proxecto, producións, traballos, caderno...	10%
Total	100%

Asemade, contéplase a posibilidade de subir ata 1 punto da media trimestral mediante un traballo optativo (investigación, exposición, lectura breve...). Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5. Empregarase a media aritmética redondeada á centésima máis próxima, e no caso de equidistancia á superior. Ex: 5,5= 6.

Avaliarase a corrección lingüística da seguinte maneira:

-Nas probas escritas reservarase 1 punto á corrección lingüística, entendida como ortografía, coherencia, cohesión e adecuación.

-Nos traballos escritos utilizarase o instrumento de avaliación correspondente: rúbrica, escala de valoración, etc..

Se un alumno/a falta a unha proba sen xustificante médico ou deber inescusábel, terá un cero nese apartado; igualmente que para a entrega de traballos, os cales **non se recollen fóra de prazo**. No caso de detectar que un alumno/a copia nun exame retiraráselle a proba inmediatamente e poráselle un cero.

A avaliación é continua e para calcular a nota media do curso realizarase a media ponderada das avaliacións trimestrais (1ª aval. 30%, 2ª aval. 30% e 3ª aval. 40%). Despois da terceira avaliación, desde o 6 ao 22 de xuño de 2022, o alumnado que suspenda a materia fará actividades de reforzo e recuperación e mais unha proba para susperar os contidos mínimos, figurando a cualificación obtida deste proceso na **avaliación FINAL** celebrada despois do 22 de xuño. Nese período do mes, o alumnado con cualificación positiva despois da 3ª avaliación, fará distintas actividades de reforzo e ampliación coas que (mediante a entrega desas tarefas) poderá subir ata un punto a súa nota media.

LECTURAS

-1º trimestre e 2º trimestre: *Se o vello Sinbad volvese ás illas*, Cunqueiro // *As crónicas do sochantre*, Cunqueiro.

-3º trimestre: *Ollos de auga*, Domingo Villar.

PROXECTOS

1º trimestre: Traballos sobre a situación do galego a comezos do século XX.

2º trimestre: Traballo relacionado co proxecto de centro: O cinema.

3º trimestre: Antoloxía de poesía actual.

O alumnado de 4º ESO non poderá utilizar os móbiles nas aulas de Lingua e Literatura Galega, agás para uso pedagóxico e baixo a supervisión do seu profesor/a.